

CASTELAO EMIGRANTE

Por BIEITO CUPEIRO

Coa chegada de Alfonso R. Castelao a Bos Aires, en 1940, a coleditividade galega da Arxentina, que sempre se había sinificado polo desenrolo dunha xurdia aitividade societaria cara a Galiza, pecha un ciclo do seu quefacer, iceta un novo "modus operandi" da súa dinámica estrutural e patriótica. Habían trocado xa, ó influxo das circunstancias dramáticas da guerra civil, os fitos e ouxetivos de moitas institucións comarcáis cales eran: sostener unha escola, construír un camiño ou unha ponte, combater o caciquismo, etc. Mentres limitadas certamente, que por atinxir somentes a determinadas bisbarras ou núcleos parroquiáis moi pouco ou nada favorecían a Galiza na súa enteiración comunitaria diferencial, mais que, non embargantes, non por elo deixaron de exercer beifeitora influencia anovadora, pois, aparte da axuda que prestaron, particularmente nas áreas da instrucción primaria, foron parellamente escolas de exercitación cívica e democrática.

Xa entón non tiña destino a xenerosa axuda, o grandeiro esforzo que o pulo idealista da Galiza emigrada había xenerado nos anos derradeiros en procura de amenguar os sufrimentos causados pola loita fraticida, onde se puxo doadamente de reléu a capacidade de orgaización e a vizosa enerxía comunitaria dos galegos da diáspora platense; mais, era mester encanlar por novos roteiros, impostos polos tempos, todo ise poder, a forza xacente que bulía no seo das nosas institucións representativas; outros eran os portos do destino, outras terían que ser as singlaturas patrióticas e por remanencia, outras tamén as cartas de navegación e o capitán que debía guiar a nao.

Coa presenza de Castelao acarón da colonia galega de Bos Ares e ó influxo do prestixio incontrastábel da súa figura e da autoconcencia do propio poder de realización e capacidade creadora, as máis importantes asociacións galegas da capital argentina, sintense afortecidas como si houberan enchido un valeiro que as non deixaba aicionar en plenitude; deixan pola banda as limitacións impostas por un rexionalismo incoherente e vagoroso, que as facía tributarias de un todo peninsuar coutador e parasitario, e, parellamente, que arrequecen como endexamáis o habían feito os seus bens físicos, embandéiranse sin ningunha clás de inhibicións có compromiso de servir a Galiza, defender os seus irrenunciabeis dereitos, promover até onde fose posíbel o desenrolo da súa cultura e de todo canto contribuíra a dinificala e redimila do atraso e do infradesenrolo económico e social. Todos istes anceios patrióticos tiñan en Castelao o mellor espoñente e representación, emporiso foi de contado tácitamente reconecido como o guieiro indiscutíbel que persoalizaba tódolos ideáis de xustiza e liberdade pra o noso país reflexados no seu labor artístico, literario e patriótico; en toda a súa conduta sinada pola máis inconmovíbel fidelidade có noso pobo e coa nosa Terra.

Castelao atopóu na Galiza bonaerense o mellor ámbito que nos intres dramáticos en que lle tocóu vivir se lle podía ofrecer. Bos Ares foi sempre, e pesie os tempos que corremos inda sigue sendo, centro dunha intensa aitividade cultural, onde cecáis por influxo do seu cosmopolitismo, háchase aberta a tódalas inquedanzas filosóficas, políticas, literarias, etc. En tal ambiente, os galegos de aquen mar, a cuberto dos atrancos e limitacións que nos propios eidos sempre lle coutaron o seu xenio creador, inmunizados ademáis do mimetismo deformante e alleador que dende antergo runfa en Galiza traído polos ventos da meseta, sentíronse sempre como unha comunidade libre e soberán, de ahí, que ademáis das devanditas institucións de carácter comarcal, creáronse tamén asociacións artísticas, culturais e políticas que tiñan como ouxetivos: conservar e arrequecer as esencias comunitarias do noso país e redimilo do autoesquecemento e do atraso secular.

Acarón do achego fraterno, da plea identificación solidaria e do alento da cáseque totalidade da coleitividade e dos máis calificados guieiros das súas institucións representativas, moi-

tos dos cales habían sido enteirantes de sociedades patrióticas como o "Grupo Galeguista" e a "Asociación Patriótica Pondal" entre outras, cúa monolítica ortodoxia galeguizadora ten sido a mellor escola formativa do sazonado ambiente de galeguidade da colonia galega da capital arxentina. Castelao poido desenvolver a face máis trascendente do seu apostolado evanxelizador das esencias comunitarias da nosa Terra. Nada poido a oposición, que a tivo tamén, de algunha pequena capeliña caciquil, que vía derrubar a súa cativreira influencia reaccionaria e a de algúns pintorescos internacionalistas ó uso, resalbos de algún fracaso sindical, que afincándose en doutrinas mal asimiladas e peor comprendidas, teimaban que o mellor xeito de se librar de complexos e inhibicións era mergullarse nun internacionalismo igualitario libertador.

Castelao foi en Bos Aires unha figura apoiada por un afevoadado consenso popular, plea e entrañabelmente identificado, en íntimo e fraternal convivio coa comunidade humán que pra el constituía a "Galiza ideal", na que ollaba unha mostra do que o noso chán podería chegar a ser aituando ceibe de asovallamentos hexemónicos. O noso meirande patriota asimilou doadamente o xenio e rexedume cívica que campou sempre na emigración bonaerense onde, pesie o alonxamento xeográfico, os corazóns galegos latexan cada hora ó son das vivencias emocionais que lles impón a súa fidel e irrenunciábel devoción pola terra natal. Somentes enteirándose nunha comunidade emancipada de tutelas e condicionamentos entangoantes, podía ser creado ise tratado de ciencia política filosófica e histórica que configura a obra saída do xenio do noso patriota maior, un mensaxe que non pode ser estudado en poucas liñas pola fondura e a grandeza do seu contido, mais que chega doadamente á comprensión e o sentir de todos os galegos, porque del abrolla unha permanente i-entrañabel consustanciación, co sustractun emocional do noso pobo.